



CiTIUS

Centro Singular de Investigación
en **Tecnoloxías da
Información**

Orzamento CiTIUS 2014

citius.usc.es

1. Orzamento CiTIUS 2014

CONCEPTO	CUSTO
Persoal	
Responsable oficina de prensa e comunicación (compartido con CiQUS e CIMUS)	7.284,48 €
Xestión de recursos humanos, documental e da produción científica	26.487,90 €
Coordinación da xestión de I+D, procura de financiamento e proxección do CiTIUS	34.200,00 €
Administración do CPD, procedementos de compras e atención a usuarios	25.244,53 €
Administración de equipos e sistemas, programación web e atención a usuarios	26.431,34 €
Programación web	8.398,22 €
Promoción da internacionalización, transferencia e emprendemento	29.277,54 €
Xestión económica	17.964,12 €
Programa propio de iniciación á investigación	
4 Contratos para investigadores predoutorais	56.000,00 €
Internacionalización	
Participación en Info Days, eventos tecnolóxicos, redes europeas e eventos das Grandes Iniciativas do H2020, captación de congresos internacionais	6.000,00 €
Workshops Internacionais H2020 (2 workshops de referencia)	10.000,00 €
Ciclo "Investigadores de prestixio"	10.000,00 €
Convocatoria de axudas CiTIUS para o cofinanciamento de estadias no estranxeiro	15.500,00 €
Cofinanciamento de tribunais de tese	4.000,00 €
Transferencia de Tecnoloxía	
Convocatoria "Demostradores CiTIUS" (6 demostradores)	33.600,00 €
Promoción tecnolóxica dos resultados do CiTIUS	2.000,00 €
Material bibliográfico e adhesión a sociedades científicas	
Material bibliográfico	1.000,00 €
Formación	
Ciclo "Fomentando o talento"	2.000,00 €
Convocatoria de axudas CiTIUS para asistencia a actividades de formación	3.000,00 €
Emprendemento	
Ciclo "Emprendelab"	2.000,00 €
Consultoría e asesoramento externo	
Organización sesión de traballo con Comisión Científica Externa	4.000,00 €
Comunicacións	
Telefonía e correo	2.500,00 €
Pequeno equipamento e funxible	
Consumibles e material de imprenta	1.500,00 €
Funxible	600,00 €
Mantemento de equipamento común (renovación de garantías, licenzas, etc.)	1.000,00 €
Equipamento e pequeno mobiliario laboratorio Instrumentación	2.500,00 €
Actividades de difusión	
Xornadas de divulgación científica, portas abertas, iniciativa warm-up, etc.	2.000,00 €
Identidade e imaxe visual	2.500,00 €
Outro custo necesario para o desenvolvemento do Centro	
Realización de prácticas en empresa no CiTIUS	600,00 €
TOTAL	337.588,13 €

2. Ciclos de Formación CiTIUS

a. Doctoral Meeting

Exposicións do traballo de investigación realizado polos investigadores predoutorais do CiTIUS orientadas a desenvolver e estimular as súas capacidades de comunicación, argumentación e crítica científica. As sesións son de carácter quincenal e desenvólvense integramente en inglés.

b. Visitas de investigadores de prestixio

Visitas ao CiTIUS de investigadores de recoñecido prestixio científico a nivel internacional, que inclúen un relatorio das súas liñas de investigación e reunións cos Programas Científicos do CiTIUS. Este ano priorizarase a visita de investigadores estranxeiros, co obxectivo de fomentar colaboracións internacionais. Por exemplo: investigadores doutros centros europeos, colaboradores das redes Cost nas que participa o CiTIUS, posibles candidatos en programas de captación de RRHH (accións Marie Skłodowska-Curie).

c. Emprendelab

Conferencias realizadas por emprendedores do sector das TI que expoñen a súa experiencia emprendedora. Sesións formativas e obradoiros para investigadores do CiTIUS no ámbito do emprendemento, por exemplo: maduración de ideas, deseño de modelos de negocio, vixilancia tecnolóxica, etc.

d. Fomentando o talento

Sesións formativas en temáticas transversais á investigación destinadas a todos os investigadores do Centro co obxectivo de mellorar as súas competencias e a súa capacidade de liderado. Por exemplo: capacidades de comunicación, habilidades de xestión, protección de resultados ou obradoiros de ferramentas de utilidade para a investigación.

e. Financiando a investigación.

Sesións formativas co obxectivo de dar a coñecer aos investigadores os diversos mecanismos dispoñibles para financiar a súa investigación, dende as convocatorias competitivas, até a preparación de acordos de transferencia e a protección de resultados.

3. Convocatorias CiTIUS

a. Programa propio de iniciación á investigación

O obxectivo desta convocatoria é captar novos investigadores predoutorais interesados en desenvolver a súa tese doutoral no CiTIUS. O programa pretende cubrir o período existente entre a finalización dos seus estudos de Grao ou Master e a resolución das convocatorias de axudas predoutorais autonómicas e/ou estatais.

b. Workshops Internacionais de clara proxección para a proposta de proxectos no Horizonte 2020

Co obxectivo de xuntar a axentes para a organización no CiTIUS de workshops de impacto internacional e que contén con potencialidade para artellar novas propostas de proxectos internacionais, nas que se poida involucrar o CiTIUS.

c. Participación en eventos en eventos tecnolóxicos, plataformas, redes e accións de captación de congresos internacionais.

Cofinanciamento das viaxes dos investigadores do CiTIUS que asistan a eventos nacionais e internacionais, asembleas de plataformas tecnolóxicas internacionais, redes de investigación internacionais, etc. co obxectivo de establecer relacións conducentes á participación en proxectos de alcance internacional, valorando especialmente a presentación oficial de ideas de proxecto nos eventos. Tamén se financiará o desenvolvemento de accións que faciliten a captación de congresos internacionais con sede no CiTIUS.

d. Liña de financiamento para a visita de investigadores de prestixio internacional.

Financiamento de visitas de investigadores de prestixio internacional para a impartición de conferencias e desenvolvemento de plans de traballo conxuntos que poidan proxeccionar ao CiTIUS en proxectos internacionais, así coma para a participación en posibles workshops internacionais organizados dende o CiTIUS

e. Demostradores tecnolóxicos

Financiamento de contratacións de até 3 meses para o desenvolvemento de demostradores tecnolóxicos para resultados científicos con potencial industrial contrastable, valorando especialmente o interese industrial.

f. Liña de financiamento para a promoción tecnolóxica dos resultados de investigación do CiTIUS. Financiamento de accións de consultoría de resultados transferibles do CiTIUS, en liñas específicas de alto potencial de transferencia, e accións para a promoción da comercialización dos resultados.

g. Estadías de investigación

Cofinanciamento dos gastos de viaxe para o desenvolvemento de estadías de investigadores en formación en centros de investigación de prestixio cos obxectivos de: (1) codirección de teses internacionais, (2) establecemento de relacións para a participación en proxectos internacionais e (3) obtención da mención de doutoramento europea.

h. Asistencia a actividades formativas

Cofinanciamento das viaxes dos investigadores do CiTIUS que asistan a eventos formativos de ámbito internacional ou nacional de prestixio, e que sexan de temáticas de interese para a súa investigación, que axuden a desenvolver capacidades transversais.

i. Cofinanciamento de tribunais de tese

Cofinanciamento dos custos de desprazamento dos membros de tribunais de tese internacionais, incluíndo unha conferencia no CiTIUS das liñas de investigación do investigador visitante, ademais de posibles reunións con algún Programa Científico.

4. Iniciativa Warm Up de fomento da cultura emprendedora

A iniciativa Warm Up desenvolve a estratexia do CiTIUS para estimular e dinamizar a cultura emprendedora, o liderado e a toma de iniciativa por parte de todos os membros do CiTIUS. Aínda que os obxectivos de Warm Up 2014 estanse a definir, en principio potenciaranse os seguintes tipos de actuacións:

a. Retos CiTIUS

Serie de iniciativas nas que os investigadores do CiTIUS exporán retos de carácter investigador ou tecnolóxico abertos para a súa resolución a toda a comunidade universitaria.

b. Ideas CiTIUS

Convocatoria de propostas nas que os membros do CiTIUS, posiblemente en colaboración con membros da comunidade universitaria doutras disciplinas, propoñan ideas con potencial emprendedor, tecnolóxico ou investigador.